

# ADAN

## E O TESOURO



Conto viaxeiro do Concello de Santiago 2014

Depósito Legal: C 928-2014

Este conto fíxose durante a actividade *O Conto Viaxeiro* do Concello de Santiago de Compostela ([contoviaxeiro.santiagodecompostela.org](http://contoviaxeiro.santiagodecompostela.org)) nos meses de marzo e abril de 2014.

Nel participaron as rapazas e rapaces dos CEIP Apóstolo Santiago, Raíña Fabiola, Rodríguez Xixirei, Roxos, Pío XII, Ramón Cabanillas, López Ferreiro e Vite.

# ADÁN


## E O TESOURO

Conto viaxeiro do Concello de Santiago 2014






Adán era un ourive moi alegre que andaba en patinete e gustaba de cociñar.






Un día foi á **Selva Negra** mirar  
a ver se atopaba ouro.





A Selva Negra está no monte **Pedroso**.

É un bosque mesto no que viven moitas plantas como carballos, feitos, castiñeiros. . . E animais como coellos, xabarís, raposos, mouchos, curuxas, corvos, pegas. . .





Nun momento en que Adán outeaba por riba dos feitos viu algo estraño:  
no medio dunhas ruínas unha **muller** tocaba o **piano**.


Adán acercouse a ver quen era. A muller, cando se deu conta, desapareceu  
deixando un **peite dourado**.

Adán recolleu o peite e levouno para a casa para observalo atentamente.









Ao chegar á casa, no peitoril da xanela había unha **pega** esperándoo e contoulle que o peite pertencía a unha rapaza que morrera por culpa dunha **bruxa** que llo quería roubar e que se non ía á casa número **23** pola noite tamén el morrería da mesma maneira.

A pega botou a voar.

— Malo raio! pero cal número 23? — pensou Adán.

Entón saíu da casa e atopou **un vello** que lle preguntou: — que fas a estas horas da noite? Ao que Adán respondeu: — estou pensando no número dunha casa que sexa 23.

O vello pensou uns minutos e logo dixo: — busca nas **Casas Novas**; no número 23 vive unha bruxa.





Adán non sabía nada de maxia, así que lle pediu ao vello que o acompañase.

O vello, que se chamaba **Xenxo**, aceptou e os dous partiron dende Poza de Bar cara ás Casas Novas.

Pero á altura de **Galeras** apareceu a muller que tocaba o piano. Era unha zombi. Estaba coa **CURUXA** da bruxa, que se chamaba Xurxa.

Díxolles que era pola dereita (pero era pola esquerda).

Ese día era o **1 de abril**, no que *os burros van onde non deben ir.*

C









E volveu desaparecer . . .

Adán e Xenxo fixéronlle caso. Despois de moito andar, chegaron á beira do río.

Xenxo colleu herbas para facer unha antiga **apócema** que protexía das bruxas.

A apócema levaba caléndula, ruda e herba da andoriña.

A caléndula porque é comestible, a ruda por se se portan mal e a herba da andoriña porque quita as verrugas e así deixan de ser bruxas.

Ao pouco, Adán caeu na conta de que era o 1 de abril, así que deron volta.





Cansos xa, chegaron ás Casas Novas.  
Pero cando por fin deran co número 23,  
a casa non tiña porta!

– É un feitizo! -dixo Xenxo.

Diante da casa había unha árbore. Adán  
preguntoulle a Xenxo como se chamaba.

– Chámase **sabugueiro** – dixo Xenxo.

Comeron o seu froito e viron a porta  
invisible. Entón entraron.



Miraron a un lado e a outro, pero non viron a bruxa.

De súpeto escoitaron ás súas costas: – ola, Adán; ola, Xenxo.

Viráronse e viron a muller do piano.


Pero realmente era a bruxa que se apoderara do corpo da rapaza para enganar a Adán e Xenxo e coller o peite dourado.

Porque era un **peite máxico**.





(Adán e Xenxo desconfiaron de que era a bruxa porque non tocaba o piano e falaba moito coa curuxa da bruxa.)



Cando estaban case seguros de que era a bruxa e non a rapaza, a curuxa intentou coller o peite. Entón Adán e Xenxo saíron correndo.

Xenxo non podía correr moito e a bruxa atrapouno. Tocoulle coa man e **converteuno en sapo.**

Entón Adán lembrou que levaba a apócema no peto, botoulla á bruxa na boca para que deixase de ser bruxa e deulle un bico ao sapo para convertelo de novo en Xenxo.






A muller do piano, libre da bruxa, achegouse a Adán e Xenxo e pediulles unha última cousa: que lle axudasen a volver á vida.


Para iso debían ir ao castro de Bando e alí facer outra apócema máxica.

Para facer a apócema necesitaban baba de sapo, sangue e un corno de touro.

Pero deberíano facer en nove horas.

Sería tan fácil facelo?





A Adán e Xenxo non lles pareceu doado,  
pero acabaron por aceptar.

Unha vez no castro, achegóuselles un home  
serio, medio guapo, vestido da Idade Antiga,  
con barba e pelo negro, a pel moi branca  
e os ollos azuis. Era un **mouro**!


Cando viu o peite que levaban, díxolles:

-Sei a que vindes. Tomade o meu **sangue**.

Collérono e foron ao bosque. Alí encontraron un  
corno de touro tirado no chan e tamén o colleron.


Despois viron un sapo ao que lle caía a baba  
segundo a segundo, recollérona e metérona nun pote.

Xuntaron todo e puxéronse a remexer o pote.









De súpeto apareceu por entre as árbores a muller do piano que, mirando fixa para a apócema, comezou a recitar un **CONXURO**:

*Baba de sapo,  
corno de touro,  
sangue de mouro.*

*Vida de nena,  
futuro de lobo,  
e con amor  
conseguirás un tesouro.*

Logo achegouse ao **pote**, bebeu un pouquiño del e inmediatamente volveu á vida.

Nese momento, o pote volveuse de **ouro** e dentro foron aparecendo unha man de diamantes, prata, unha copa de ouro, unha coroa, un martelo de ouro . . .

Entón faloulles:

– Ola, chámome **Coania**, son da estirpe dos mouros. Levamos aquí milleiros de anos. A nosa cultura mantívose na vosa, a nosa lingua permanece coa vosa, o galego, que conservades coma un tesouro.

Para agradecervos o que fixestes por min, douvos a escoller entre outros **dous tesouros**:

a miña amizade eterna ou este pote.









Sen consultar con ninguén, Xenxo gritou:


— O pote, o pote!

Adán en cambio escolleu a amizade de Coania.


Entón Coania dixo: — O meu pobo sempre castigou a avaricia... En lugar dun pote de ouro, recibirás un pote de carbón, Xenxo.

Despois, mirando a Adán, dixo: — Ti es a persoa que máis merece os tesouros.






Dende aquela, Adán e Coania foron  
**amigos eternamente**  
e compartiron con toda a xente os seus tesouros:  
**o pote de ouro e a súa lingua**







# CONCELLO DE SANTIAGO


Concellería de Normalización Lingüística

COLABORA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

[contoviaxeiro.santiagodecompostela.org](http://contoviaxeiro.santiagodecompostela.org)



# CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Normalización Lingüística

COLABORA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

[contoviaxeiro.santiagodecompostela.org](http://contoviaxeiro.santiagodecompostela.org)